

PROTOCOLO DE INCORPORACIÓN NOS CENTROS DE COORDINACIÓN (CCC, CCP E CCD)



Todo o persoal que desempeñamos a nosa actividade profesional nas oficinas dos centros de coordinación, deberíamos acceder ao noso posto de traballo sen síntomas compatibles coa COVID-19 e coa menor carga vírica posible.

Para iso, sempre que sexa posible, á entrada do edificio haberá (para que pasemos individualmente e gardando a distancia mínima de seguridade (1.5 m)):

- Un control da temperatura corporal mediante termómetro dixital de non contacto (realizarao o persoal encargado da seguridade de acceso ao edificio).
- Unha alfombra con produto desinfectante, de obrigado paso por todo o persoal. (Pisar sobre ela un mínimo de 30 seg.)



A continuación, hixienizarémonos as mans con xel hidroalcohólico (durante 1 min).



Todo o persoal entraremos de maneira individual, gardando a distancia mínima de seguridade e unha vez no noso posto de traballo, deberíamos seguir estas pautas de hixienización:



- Tanto ao comezo da nosa quenda como á súa finalización, despois de ventilar, a/as persoa/s usuaria/s procederemos a realizar a limpeza de todas aquelas superficies obxecto de manipulación durante o servizo, entre as que se incluírán o teclado do computador, teléfonos (facendo fincapé nos botóns e auriculares) así como en todo aquel material e equipamento que se prevexa utilizar ou que fose usado durante a garda. Ex.: emisoras (con especial incidencia en botóns e micros).



- A hixienización levarase a cabo con panos e/ou toallíñas desbotables impregnadas de:



- . peróxido de hidróxeno (concentrado de auga osixenada) ao 1%,
 - . unha solución de 7 partes de alcol de 96° e 3 partes de auga ou
 - . outros produtos comerciais con especificacións concretas de eficacia fronte a virus.
- (Deixar actuar 1 min).

<https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>

Moi importante, é a colocación da máscara en caso de non poder manter a distancia mínima de seguridade. Se no lugar de traballo se pode manter a distancia de seguridade (1.5 m) ou as mesas dispoñen de biombos de separación de metacrilato ou unha barreira física de separación (mobiliario...), non será obrigatoria a máscara, pero si para calquera desprazamento a outro despacho, corredor, baño...



En cada mesa, sempre que sexa posible, haberá un xel hidroalcolico, toallíñas desbotables e unha máscara.

No caso de atención ao público, atenderemos aos cidadáns (preferentemente con cita previa) de un en un, gardando a distancia mínima de seguridade (1.5 m), coa máscara posta e tentando que a persoa atendida non toque nada. (O ideal sería que unicamente puidesen acceder ao centro de coordinación as persoas que pasasen satisfactoriamente un control de temperatura efectuado polo persoal de seguridade á entrada do edificio, con termómetros dixitais de non contacto). Nos despachos susceptibles de atención ao público, haberá unha sinalización clara para manter a distancia mínima de seguridade.

ESTE PROTOCOLO PODERÁ SER OBJETO DE VARIACIÓNS A MEDIDA QUE SE RECIBAN NOVAS INSTRUCCIÓNS